



Serie A N.º 2790318

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezanove de outubro do ano dous mil dezaoito, ás nove horas, reúne a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º), don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial don Pablo Pérez Pérez, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2018.**- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o dia once de outubro de dous mil dezaoito, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 27/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE CENLLE.**- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Cenlle e tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018, no relativo ó Concello de Cenlle, incorporando ó plan principal -en substitución da obra denominada "Mellora de acceso ao Outeiro e Rioboo"- a obra denominada "Acondicionamento de travesía de Cenlle", co número 27/POS/2018, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €.



## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018

**3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA  
"ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA OU-0602 LEBOREIRO – ENCORO DE  
CHANDREXA, P.O. 14+600 AO 14+800", N.º 100/POS/2018, NO TERMO  
MUNICIPAL DE CHANDREXA DE QUEIXA.**

- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urgente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

| Ficha | Ptoig. | Parr. | Refer. Cadstral | Propietario   | Calificación | Domínio |
|-------|--------|-------|-----------------|---|--------------|---------|
| 14    | 45     | 65    | 32030A04500063  | JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ  | PASTOS       | 216,26  |
| 15    | 45     | 351   | 32030A04500031  | TERESA MOJON MENDEZ   | PASTOS       | 143,82  |
| 16    | 45     | 59    | 32030A04500059  | SALVIA RODRIGUEZ GOMEZ  | MONTE BAIXO  | 34,93   |
| 17    | 45     | 60    | 32030A04500060  | HROS ELVIRA PEREZ LAMELAS   | MONTE BAIXO  | 64,08   |
| 18    | 45     | 61    | 32030A04500061  | TERESA MOJON MENDEZ   | MONTE BAIXO  | 64,14   |
| 19    | 45     | 62    | 32030A04500062  | CAMILO RODRIGUEZ FERNANDEZ  | MONTE BAIXO  | 90,24   |
| 20    | 45     | 63    | 32030A04500063  | JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ  | MONTE BAIXO  | 191,78  |
| 21    | 45     | 67    | 32030A04500057  | JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ  | MONTE BAIXO  | 5,88    |
| 22    | 45     | 49    | 32030A04500049  | NESTOR ARMEITO RODRIGUEZ<br>- FELIPE ARMEITO RODRIGUEZ<br>- MODESTA ARMEITO RODRIGUEZ<br>- NIEVES ARMEITO RODRIGUEZ | MONTE BAIXO  | 82,78   |
| 23    | 45     | 353   | 32030A04500053  | HROS ELVIRA PEREZ LAMELAS   | PASTOS       | 27,66   |
| 24    | 45     | 354   | 32030A04500054  | TERESA MOJON MENDEZ   | PASTOS       | 57,40   |
| 25    | 45     | 355   | 32030A04500055  | CAMILO RODRIGUEZ FERNANDEZ  | PASTOS       | 52,02   |
| 26    | 45     | 356   | 32030A04500056  | JUAN ANTONIO LAMELA VAZQUEZ   | MONTE BAIXO  | 24,20   |
| 27    | 45     | 35    | 32030A04500035  | JOSÉ RODRIGUEZ ESTEVEZ<br>- NIEVES RODRIGUEZ ESTEVEZ  | MONTE BAIXO  | 9,78    |
| 28    | 45     | 352   | 32030A04500032  | NESTOR ARMEITO RODRIGUEZ<br>- FELIPE ARMEITO RODRIGUEZ<br>- MODESTA ARMEITO RODRIGUEZ<br>- NIEVES ARMEITO RODRIGUEZ | MONTE BAIXO  | 3,24    |

3º.- Publicar e notificarles este acordo aos interesados, de conformidade coa legislación vixente.

**4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE LAZA PARA**

**REMASTE DA BASE SEDE DO GES.** - No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 40.000 euros a favor do Concello de Laza, para remate da base sede GES.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, a **Xunta de Goberno** acorda a aprobación dunha subvención ao Concello de Laza, nos seguintes termos:

-**Importe:** 40.000 euros.

-**Obxecto:** remate da base sede do GES.

-**Condicions específicas:** a concesión da subvención queda condicionada á obtención por parte do concello beneficiario das autorizacións sectoriais pertinentes para levar a cabo a execución da obra obxecto da subvención. O cumprimento de dita condición, deberá acreditarse coa xustificación da subvención e a falta de constatación deste extremo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou, de ser o caso, ao correspondente expediente de reintegro.

-**Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo alguma variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.-Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.-Que o Concello de Laza dispón, a data da emisión da presente certificación, das correspondentes autorizacións, para proceder ao remate da base sede do GES.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 10 de decembro de 2018.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE CONCELLOS DA COMARCA DE OURENSE PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES AO ANO 2018.**- No

Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente nº 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/463.01, a cantidade de 50.000 euros a favor da Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, nos seguintes termos:

-**Importe:** 50.000 euros.

-**Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúmha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe da subvención concedida.

4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

5.-Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Fazenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contis equivalentes á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá exigir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

**6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DA VEIGA PARA SANEAMENTO E ARRANXOS EN PRADA.**- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente nº 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 48.000 euros a favor do Concello da Veiga, para saneamento e arranxos en Prada.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención ao Concello da Veiga, nos seguintes termos:

-**Importe:** 48.000 euros.

-**Obxector:** saneamento e arranxos en Prada.

-**Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumple a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúnsha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.-Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a


 Serie A N.º 2790318

**Acta da Xuráta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concomer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e suas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas liquidadas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018.

**7.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OURENSE E PROVINCIA PARA XORNADAS DE PROTECCIÓN CIVIL EN CELANOVA 2018, CON PORTUGAL COMO PAÍS INVITADO.**

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente nº 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 134.11/489.30, a cantidade de 2.500 euros a favor da Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Ourense e Provincia Cultural, para xornadas de Protección Civil en Celanova 2018, con Portugal como país invitado.



Serie A N.º 2790318

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na legislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Ourense e Provincia, nos seguintes termos:

-**Importe:** 2.500 euros.

-**Objeto:** xornadas de Protección Civil en Celanova 2018, con Portugal como país invitado.

-**Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obrigade pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

### **8.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN OURENSANA DE XADREZ PARA ESCOLAS DEPORTIVAS 2018.**

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente nº 1/2018 de modificación orzamentaria, c con cargo á aplicación 341.11/482.10, a cantidad de 7.000 euros a favor da Asociación Ourensana de Xadrez, para Escolas Deportivas 2018.

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, na que figura un orzamento polo importe de 6.970,60 euros, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Asociación Ourensana de Xadrez, nos seguintes termos:

**-Importe:** 6.970,60 €.

**-Obxecto:** Escolas Deportivas 2018.

**-Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

EL DELEGADO  
DEPARTAMENTO  
LOCAIS

accions subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

**-Prazo xustificación:** ata o 10 de decembro de 2018.

**9.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA 23 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) – SECCIÓN OFICIAL DE LONGAMETRAXES.**- Ante a necesidade de proceder á convocatoria do concurso da 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Oficial de Longametraxes, e unha

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

vez vista a proposta de bases elaboradas conjuntamente polos servizos provinciais e a Fundación Carlos Velo, a Xunta de Goberno adopta do seguinte acordo:

**1º.- Aprobar as referidas bases e convocar a 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Oficial de Longametraxes, consonte coas seguintes cláusulas:**

**1/ OBXECTO**

É obxecto desta convocatoria a regulación da organización e dos premios da competición internacional de longametraxes da 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF), organizado pola Deputación de Ourense, en colaboración coa Fundación Carlos Velo, do 29 de novembro ao 5 de decembro de 2018.

**2/ PARTICIPANTES**

Poderán concursar as persoas físicas ou xurídicas que posúan o debido control legal sobre as obras que presenten a concurso.

**3/ REQUERIMENTOS DAS PELÍCULAS**

- Deberán estar producidas en 2017 ou 2018
- Non poderán terse exhibido nin editado comercialmente en España en salas públicas (agás en festivais), televisión e diferentes soportes dixitais antes do 6 de decembro de 2018.
- As obras deberán ter unha duración superior os 60 minutos.

**4/ SELECCIÓN**

Unha comisión de selección formada por membros da organización do certame será a encargada de invitar ás películas que formarán parte da sección oficial de longametraxes.

**5/ OBRIGAS DOS SELECCIONADOS**

Os participantes, cuxas películas sexan seleccionadas para a sección competitiva deberán cumplir as seguintes disposicións:

- A total aceptación das presentes bases por parte de todos os participantes e os seus axentes e representantes.
- A autorización para divulgar materiais das películas inscritas (fotogramas, carteis, fichas, fragmentos do guión, textos de prensa, etc.). Os participantes autorizan a difusión de até tres minutos de imaxes das devanditas películas en calquera medio de comunicación.
- A aceptación de que, no caso de obteren algún dos premios outorgados no concurso, incluirán unha referencia escrita de forma obligatoria e inescusable á concesión do devandito

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

premio ao comezo de todas e cada unha das copias da película que distribúan para a súa exhibición en salas comerciais e/ou en certames audiovisuais, así como en todo o material informativo e promocional impreso (press- books, carteis, etc.).

- As produtoras e distribuidoras das películas seleccionadas facilitarán todo o material necesario para a elaboración do catálogo que lles sexa solicitado pola organización do mesmo.
- As produtoras e distribuidoras cederán os dereitos para a exhibición pública das súas películas.
- Facilitarán á organización a copia de proxección.
- Asumirán os custos de transporte do envío das copias ata Ourense.. Na etiqueta do envío deberá especificarse o texto seguinte: "Para usos culturais soamente / Sen valor comercial".
- Non retirarán a película da programación nin a presentarán comercialmente en España antes da súa proxección en Ourense.

**6/ OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN**

- Unha vez finalizado o concurso, a organización pagará os custos de devolución das copias ao enderezo de orixe ou distancia similar.
- O seguro da organización para as copias en 35mm e DCP sobre os riscos de incendio, perda, roubo, dano ou destrucción desta durante o período comprendido entre a súa chegada a Ourense e a data da súa devolución. A responsabilidade económica será limitada e, en calquera caso, non superará o custo dunha nova copia estándar, segundo as tarifas en vigor.
- O prazo máximo para efectuar calquera tipo de reclamación sobre unha copia devolta será de 30 días a partir da data do envío dende Ourense. Durante ese prazo, a copia non debe terse exhibido en público.

**7/ EXHIBICIÓN**

- As proxeccións da competición de longametraxes faranse en 35mm, DCP ou o sistema que considere o festival.
- Durante a celebración do certame a organización resérvase o dereito de exhibir as películas seleccionadas nas salas cinematográficas e espazos vincellados a este festival en cantas sesións públicas estime convinte. A organización establecerá a orde, data e horario de exhibición.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018****8/ XURADO**

- Os premios da sección oficial competitiva serán outorgados por un xurado, designado pola Presidencia da Deputación Provincial entre profesionais do mundo cinematográfico, audiovisual, medios de comunicación e cultura. A relación nominal dos membros do xurado farase pública con anterioridade ao comezo do Festival.
- O xurado non poderá declarar deserto ningún premio nin concedelo ex aequo.
- O xurado poderá conceder dúas mencións especiais (sen dotación económica).
- O xurado poderá outorgar excepcionalmente unha única vez dous premios a unha mesma película.
- O premio do público concederase ao filme que obteña unha maior puntuación ponderada en función dos votos emitidos polos espectadores trala proxeccións.
- As decisións do xurado e do público serán inapelables.

**9/ PREMIOS**

O xurado oficial do certame outorgará os seguintes premios:

- Calpurnia a mellor película (5.000 euros)
- Premio Carlos Velo a mellor director (2.000 euros)
- Premio Galicia da Xunta de Galicia a mellor producción galega (2.000 euros)
- Premio do público (2.000 euros)
- Premio especial do Xurado.
- Premio SGAE a mellor banda sonora

A dotación económica corresponderá en todos los casos a persoa física ou entidade xurídica (distribuidora, produtora...) que presentara a película. En todos os casos as retencions fiscais e outros gastos en que se poida incorrer á entrega dos premios en metálico serán deducidos destes, co que o montante final variará dependendo das condicións establecidas por cada país e da forma en que se realice o pagamento.

**10/ TROFEO DO FESTIVAL E PRESENZA NA CERIMONIA DE CLAUSURA**

Os gañadores de todos os premios recibirán un trofeo representativo do festival. Para isto será imprescindible que o premiado estea presente na cerimonia de clausura do certame.

**11/ RESOLUCIÓN FINAL**

A participación supón a plena aceptación das presentes bases. A interpretación das mesmas será competencia da organización.

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

**10.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA 23 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) – SECCIÓN FAS MUVIS.**

**LÍMITE 48H.**- Ante a necesidade de proceder á convocatoria do concurso da 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Fas Muvis. Límite 48H, e unha vez vista a proposta de bases elaboradas conjuntamente polos servizos provinciais e a Fundación Carlos Velo, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as referidas bases e convocar a 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Fas Muvis. Límite 48H, consonte coas seguintes cláusulas:

**1. A PROPOSTA**

Creación dun concurso por equipos para a realización dunha peza audiovisual cunha duración determinada durante un tempo limitado. Cada equipo terá un presupuesto fechado para a realización da obra.

**2. OS EQUIPOS.**

- A inscrición será por equipos.
- Haberá un máximo de 5 equipos competindo.
- Cada equipo estará formado por un máximo de 5 membros que non poderán ser maiores de 28 anos.
- Os equipos deberán aportar un documento co CV breve de cada integrante, unha proposta de idea e unha sinopse de non máis de 3 páxinas.
- A organización fará a selección dos equipos concursantes atendendo ao CV dos membros, á calidade do proxecto e a adaptación ás bases do relato proposto.
- Cada equipo seleccionado será o responsable de conseguir o material técnico que considere necesario para o desenvolvemento do seu proxecto.

**3. DURACIÓN DO CONCURSO**

- A data límite de entrega de propostas será o 19 de novembro e a lista de seleccionados farase pública o 26 do mesmo mes.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

- Os equipos en competición deberán presentarse o dia 30 de novembro ás 17h no Centro Cultural Marcos Valcárcel para proceder á entrega de credenciais e á explicación detallada das bases do Concurso.
- O tempo de preproducción comezará dende o momento en que se nomean os equipos seleccionados.
- Haberá 48 horas para a gravación, dende o venres 30 de novembro ás 20h, ata o domingo 2 de decembro ás 20h.
- Do mesmo xeito haberá outras 48 horas para a montaxe, que serán dende o domingo ata o martes 4 de decembro ás 20h.
- A obra definitiva terá que estar subida antes das 23.59h. do martes 4 de decembro á plataforma que a organización teña indicado.

#### **4. O RELATO**

- O proxecto proposto deberá estar relacionado coa cidade de Ourense.
- Deberá destacar os valores arquitectónicos, sociais, históricos, etnográficos ou naturais da contorna. Así mesmo, valorarase favorablemente a transmisión de valores sociais positivos tales coma igualdade, non discriminación, etc.
- A peza desenvolvida deberá ter una duración mínima de 3 minutos e máxima de 10 minutos.
- A obra poderá ser ficción, documental, promocional ou reportaxe.
- Un 40% da peza deberá ser rodada nos exteriores da cidade de Ourense.
- A obra deberá ser en lingua galega (incluídos créditos e información textual). En caso de ser noutro idioma deberá ter subtítulos en galego.
- Deberá comenzar e finalizar co logotipo do OUFF, que será facilitado pola Organización.

#### **5. SELECCIÓN DOS PROXECTOS**

- Dos proxectos enviados serán seleccionados cinco que pasarán á fase de concurso.
- Para a súa selección valorarase:
  - A viabilidade do proxecto.
  - A orixinalidade da idea presentada.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

- A adecuación á representación dos valores arquitectónicos, sociais, históricos, etnográficos ou naturais da contorna da cidade de Ourense.

**6. O PRESUPOSTO**

- Cada equipo terá un presuposto máximo para a realización da peza de 600€.
- Entregaránse 300€ ó productor de cada equipo no momento da inscripción e entrega de credenciais do Concurso.
- Os outros 300€ serán ingresados por transferencia bancaria despois da entrega da peza audiovisual, sempre que esta cumpla as bases do concurso e o resultado final se adapte ó proxecto presentado.
- Os equipos deberán presentar xunto coa entrega da peza unha memoria de producción do desenvolvemento do proxecto. Esta memoria levará un parte diario de traballo no que se explicará como se organizaron os equipos, o presupuesto e os tempos.
- O presupuesto poderase gastar nas partidas que o equipo considere necesarias: material técnico, atrezzo, actores, manutención, desprazamentos, aloxamento...

**7. O XURADO**

A Deputación Provincial nomeará entre profesionais do mundo do audiovisual e da cultura un xurado para outorgar os premios correspondentes. A relación nominal dos membros do xurado farase pública con anterioridade ao inicio do Festival. As decisións do xurado serán inapelables.

**8. OS PREMIOS**

- Haberá un primeiro premio de 600€ e un segundo de 200€ para as obras audiovisuais que segundo a valoración do Xurado mellor se adapten a estas bases.
- Os dereitos de explotación non comercial das obras premiadas serán cedidos a Deputación de Ourense para a súa promoción.
- O mércores 5 de decembro, no día de peche do OUFF, proxeclaránse as 5 obras participantes e o Xurado outorgará os premios ós gañadores.

Serie A N.º 2790318

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018

**2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.**

**11.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA 23 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) – SECCIÓN EN CURTO.**- Ante a necesidade de proceder á convocatoria do concurso da 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección En Curto, c unha vez vista a proposta de bases elaboradas conciuentemente polos servizos provinciais e a Fundación Carlos Velo, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

**Iº.- Aprobar as referidas bases e convocar a 23 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección En Curto, consonante coas seguintes cláusulas:**

**1. Obxecto do concurso**

- É obxecto desta convocatoria estimular o formato da curtamestraxe no ámbito da Comunidade Autónoma Galega como expresión básica da creación audiovisual.
- As curtamestraxes deberán estar realizadas en Galicia ou dirixidas por unha persoa galega; a data de estrea das pezas que se presenten a concurso non poderá ser anterior a 2017, en caso de teren sido xa estreadas.
- Non poderán exceder dos 20 minutos de duración e a temática será libre, estando admitidos todo tipo de xéneros e modalidades de creación, agás o videoclip e o spot publicitario.
- Así mesmo, os materiais presentados deben estar en lingua galega ou en castelán. En caso de seren nun idioma diferente a estes, deben estar subtitulados a unha das dous linguas.

**2. Beneficiarios/as**

A participación está aberta a todos los autores ou autoras que se axusten aos requisitos recollidos no apartado.

**3. Crédito orzamentario e premios**

- O importe total asignado a esta finalidade está incluído no orzamento xeral do Ourense Film Festival (OUFF 2018).
- Establécense dous premios elixidos polo xurado profesional coa contía de 1.000€ en metálico para a obra que sume a maior puntuación e 500 € para a segunda que máis puntos acade.
- Establécese a maiores a categoría de “Premio do Público”, dotada con 500€, que poderá ser compatible cos dous premios anteriores se así resultara.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

- Os gañadores ou gañadoras recibirán igualmente unha figura conmemorativa do certame.
- Aos premios aplicárselle as retencións correspondentes segundo a lexislación vixente.

**4. Obrigas dos/as participantes**

- As persoas participantes deberán acreditar a posesión das obras que presentan. O cumprimento deste punto será responsabilidade total da persoa participante, non do festival, e poderá suponer a exclusión da súa obra de observarse incumprimento.
- As persoas participantes autorizarán ao festival a empregar fragmentos das obras seleccionadas, ou outros materiais provisionais achegados con estas, con fins da súa promoción, tanto na Internet como noutras medios audiovisuais ou escritos.
- As persoas físicas ou entidades xurídicas participantes, autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado pola organización do OUFF2018 con finalidades estatísticas. O participante poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/199.

**5. Prazo e presentación de inscricións e documentación**

- Para participar será imprescindible cubrir o formulario da inscrición solicitándoo no ouff.curta@deporense.es e achegar todos os datos e a documentación que nel se solicitan.
- O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP e ata o día 9 de novembro de 2018, ás 14,00 h.
- As obras deben enviarse en formato ".mp4" ou ".mov" (codec H264), cunha resolución mínima de 1280x720 pixeles. En caso de necesidade técnica, poderanse solicitar as obras seleccionadas en formato diferente para efectos da súa proxección.
- Os participantes poderán presentar a través do correo electrónico ouff.curta@deporense.es, a inscrición achegando a seguinte documentación:
  - Solicitud de inscrición e declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Fotocopia do DNI do autora ou autora / CIF da entidade xurídica se é o caso.
  - Certificación bancaria do núm. de conta do autor ou autora.
  - Ficha técnica e sinopse da curtametraxe.
  - Material gráfico e promocional (cartel, fotogramas seleccionados, etc). Este material deberá ir adxunto no propio correo ou adxuntarse no mesmo unha ligazón a algúns servizo de transferencia de arquivos (WeTransfer, Drive, Dropbox...) para a súa descarga.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

- A organización do OUFF2018 xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.

**6. Procedemento de concesión**

- O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
- Os audiovisuais presentados someteránse a unha preselección a criterio do comité de selección. Só chegarán a proxectarse e optarán ao premio as pezas escollidas por dito comité.
- A persoa de contacto das curtametraxes seleccionadas será notificada da selección por parte da organización a través do enderezo de correo electrónico que facilitou no formulario de inscrición.
- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada, e remitirá ao xurado as curtametraxes seleccionadas cuxa documentación estea correcta e fora presentada en prazo para a súa valoración e posterior emisión da correspondente acta.

**7. Xurado**

O “xurado profesional” estará composto por tres profesionais de recoñecido prestixio no mundo académico e no sector audiovisual que será nomeado pola Deputación Provincial, e unha dasas persoas actuará de presidente ou presidenta. A relación nominal dos membros do xurado farase pública con anterioridade ao inicio do Festival.

O “xurado do público” estará composto polos espectadores asistentes ás proxeccións das curtametraxes, que puntuarán de 1 a 5 as obras a concurso, resultando gañadoras as que máis puntos sumen unha vez feito o recuento de votos. En caso de empate, a decisión final será do presidente ou presidenta do xurado profesional.

O xurado valorará positivamente o uso da lingua galega, así como tamén o carácter innovador e a orixinalidade da proposta, tanto na temática como na súa resolución narrativa e formal.

As decisións do xurado farase pública o mesmo día unha vez finalizadas as votacións e serán inapelables.

**8. Proxección das curtametraxes**

As curtametraxes seleccionadas serán proxectadas nunha ou varias sesións durante a celebración do OUFF2018, e as que resulten premiadas proxectaranse na sesión da entrega de premios, podendo dispor o OUFF2018 do seu uso posterior para actividades de difusión

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

do mesmo, no decurso do propio festival ou no ámbito da provincia de Ourense. Unha vez finalizada a proxección, os autores ou representantes das curtas premiadas poderán retiralas, quedando a dispor da filmoteca do OUFF2018 unha copia das obras gañadoras.

**9. Responsabilidade de danos**

O OUFF2018 non se faí responsable dos danos morais ou materiais que, así mesmos ou a terceiros, ocasionen os participantes.

**10. Aceptación das bases**

A participación neste concurso leva implícita a aceptación destas bases. A interpretación das mesmas será competencia da organización.

**2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.**

**12.- ASUNTOS DE URXENCIA.**- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos por non figurar incluídos na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou o seguintes acordos:

**12.a) MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018. RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 26/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE CELANOVA.**- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Celanova, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio e de acordo coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018, no relativo ó Concello de Celanova, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Mellora de saneamento en Sampaio da Veiga, Lampaza e Pontefechas”- a obra denominada “Rehabilitación do colector de formigón da rúa Celso Emilio Ferreiro”, co número 26/POS/2018, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

**12.b) APROBACIÓN DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE TOÉN, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO BOMBEO DE AUGA RESIDUAL EN PUGA.**- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aproba-lo Programa de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Toén para a prestación de asistencia técnica para a xestión do bombeo de auga residual de Puga, de acordo coas seguintes cláusulas:

**1º) Obxecto**

Constitúe o obxecto deste programa a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial de Ourense ao concello de Toén do servizo de asistencia e cooperación para a xestión do bombeo de auga residual sito en Puga.

Este programa adóptase en exercicio da competencia provincial para prestarlle asistencia e cooperación ós concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais prevista nos artigos 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, *do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, e da competencia municipal para a ordenación e xestión do servizo de sumidoiros, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.

**2º) Condicóns da prestación do servizo**

A Deputación Provincial de Ourense prestarálle ó concello a asistencia técnica consistente nun plan de mantemento preventivo das instalacións, semanal, no que se inclúe a limpeza, a xestión de control de alarmas do bombeo e o seu seguimento (respondendo a calquera hora e día) e a asistencia ás avarías que se ocasionen.

O servizo non abrangue o financiamento da substitución dos equipos, as súas reparacións ou materiais e accesorios, o mantemento correctivo dos elementos da instalación nin a rede de sumidoiros conectadas nin a subministración de enerxía eléctrica.

Os servizos de asistencia técnica serán prestados pola Deputación Provincial de Ourense de forma indirecta a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

**cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.**

Para levar a cabo a prestación do servicio é necesario colocar un sistema de alarmas mediante Telecontrol GSM, que será realizado pola entidade AquaOurense, sen prexuízo de que o Concello deba subministra-la oportunamente tarxeta SIM de comunicación co equipo.

En todo caso, o servizo público obxecto deste programa conservará, en todo momento, o seu carácter de servizo público municipal, de titularidade do Concello de Toén, correspondéndolle a súa xestión sen prexuízo da cooperación da Deputación.

**3º) Retribucións económicas**

En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

- a) Tarifa fixa única pola instalación dun Telecontrol GSM e autómata modelar: 500 € (IVE excluído).
- b) Custo anual: 3.015,46 €/ano (IVE excluído).

Ás tarifas sinaladas aplicárselle-lo IVE vixente en cada momento.

A Deputación Provincial de Ourense aprobará as oportunas liquidacións anuais que se lle notificarán ó concello, outorgándolle un prazo de trinta días para o seu pago.

**4º) Comisión de seguimento, control e vixilancia**

Establécese unha Comisión de Seguimento, Control e Vixilancia do programa, presidida polo deputado delegado de cooperación e seguimento do plan do mandato 2015-2019 e que estará integrada polo director da Área de Medio Ambiente e un representante designado polo concello, entendendo que, en ausencia de designación expresa, a dita representación lle corresponderá ó respectivo alcalde. Actuará como secretaría da comisión a asesora xurídica de Medio Ambiente ou funcionario que legalmente a substitúa, cuas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido na Subsección 1, Sección 3º, título preliminar da Lei de réxime xurídico do sector público.

A Comisión de Seguimento, Control e Vixilancia reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do programa, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 19 de outubro de 2018**

acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

**5º) Vixencia**

Este programa estará vixente desde o primeiro día do mes seguinte á súa publicación ata o 31 de decembro do 2019.

**6º) Natureza e réxime xurídico**

Este programa terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

**13.- COMUNICACIÓNES DA PRESIDENCIA.**- Non se presentaron.

**14.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día dezanove de outubro do ano douce mil dezoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,